

diversidade ecolóxica

O teixo ten predilección polos aveseados (abas orientadas ao norte ou ao leste), xa que prefire ambientes frescos e húmidos, pero pode presentarse en calquera exposición.

Indiferente á natureza do substrato, atópase tanto sobre solos silíceos coma calcarios, nunha ampla franxa altitudinal (100-1600 metros).

Sempre que as necesidades hídricas estean satisfeitas (precipitación anual superior aos 600 mm), a súa versatilidade climática pode ser moi ampla, (climas atlántico, mediterráneo, de montaña,...). Resiste ben o frío intenso pero é sensible ás xeadas tardías e a episodios longos de seca.

Na montaña Cantábrica atópase en zonas de bosque mixto de frondosas, carballeiras, faiais, desfiladeiros e canóns rochosos, e mesmo sobre diversos tipos de matogueiras.

É a especie arbórea da Cordilleira Cantábrica que mellor soporta a falta de luz, xunto coa faia. Por iso, dise que é unha especie con "temperamento de sombra" ou "tolerante".



Teixo sobre lapiáz



Teixos formando parte do dosel superior dun bosque mixto de frondosas



Teixos no estrato superior de bosques mixtos de frondosas



Teixo medrando sobre canchal cuarcítico



Teixos baixo cuberta de carballos



Teixadal rodeado de bosques mixtos de frondosas

O teixo é unha árbore de crecemento moi lento e gran lonxevidade, non sendo raros os individuos de máis de 500 anos.



Malia ser unha especie tóxica (todas as partes da planta son venenosas agás o arilo do pseudofroito), os ungulados silvestres e domésticos toleran certa cantidade, e éelles moi apetecible sobre todo na época invernal, cando escasea o alimento. Tamén multitude de aves e outros animais (micromamíferos, etc) dan boa conta dos seus pseudofroitos, contribuíndo á dispersión da especie.



Fotografías: Xavier García Martí / Antonio Alonso Sánchez / Vicente Sanz Fernández de Gobeo / Fco. Javier Ezquerro Boticario / Socios del LIFE BACCATA

www.life-baccata.eu

SOCIOS



ADMINISTRACIONES COLABORADORAS

